



XUNTA DE GALICIA

Escolas Abertas
2025

Programa de
actividades
04-15 de Xullo

Especialidade de Percusión
Mestra: Carla González

INTRODUCCIÓN

Debemos sinalar que a especialidade de percusión tradicional galega no marco das escolas abertas é o ámbito/disciplina na que o alumnado formarase como instrumentistas e especialistas, procurando que este acade un amplo coñecemento dos instrumentos relativos a nivel técnico, conceptual e, en definitiva, musical.

O alumnado que accede á especialidade de percusión terá que ter manexo do instrumento para poder aproveitar os contidos que se impartirán na edición de 2025.

Esta programación ten coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación musical de calidade e garantir a cualificación das persoas asistentes.

Cabe sinalar tamén, que a percusión é a especialidade máis abandonada da nosa música popular galega, polo cal, a metodoloxía así como a programación serán claves no desempeño e utilización dos mesmos na disciplina galega.

Sen ritmo, non existiría a nosa música tradicional, os sons das muiñeiras así como ese alzar do día a ritmo de alborada.

Pouco a pouco, descubrimos grandes "acompañantes" dos gaiteros máis senlleiros, onde podemos apreciar eses toques prodixios que marcan ritmicamente a nosa música.

Non so é percutir, é sentir.

ÍNDICE

OBJECTIVOS

CONTIDOS

RECURSOS DIDÁCTICOS

PROGRAMACIÓN

ANEXO

OBXECTIVOS

- Coñecer os recursos básicos interpretativos da percusión galega.
- Descubrir as posibilidades ofrecidas polos distintos instrumentos de percusión galega.
- Interpretar os diferentes ritmos principais da música tradicional.
- Participar en interpretacións en conxunto.
- Ter coñecemento da gran variedade de instrumentos tradicionais galegos así como saber tocar os máis relevantes.
- Coñecer diferentes técnicas para o arranxo de instrumentos de percusión galegos.
- Levar á práctica todos os coñecementos teóricos sobre a percusión.
- Utilizar cunha correcta execución os diferentes rudimentos da percusión.
- Recoñecer outros estilos musicais ligados á música galega e a súa percusión.
- Interpretar diferentes partituras de memoria.
- Integrar os coñecementos previos con nova información sacando proveito as novas aprendizaxes.
- Desenrolar hábitos saudables á hora de tocar.
- Adquirir as habilidades básicas para poder improvisar e acompañar diferentes pezas musicais con soltura en distintos instrumentos de percusión.
- Conseguir autonomía na aprendizaxe de novos contidos así coma na resolución de problemas ligados á percusión.
- Adquirir as nocións musicais básicas en canto á figuración e notación musical.
- Comprender a importancia da práctica habitual como única forma para mellorar.
- Interesarse polo estudo da percusión tradicional galega no seu conxunto.
- Valorar as novas correntes estilísticas sen esquecer e comprender tamén as correntes máis tradicionais.

- Apreciar a importancia do ensino e promulgación da música tradicional galega.

CONTIDOS

- O agarre tradicional das baquetas.
- Notación e figuración musical básica.
- A ornamentación na percusión tradicional.
- Coñecemento dos ritmos tradicionais máis relevantes da música galega.
- Os instrumentos tradicionais de percusión na música galega.
- Interpretación de obras musicais en conxunto con outros e outras instrumentistas.
- A práctica musical nos distintos instrumentos de percusión tradicional.
- Repertorio de cancións galegas tradicionais e de autor/a.
- Acompañamento de pezas musicais sinxelas.
- Improvisación sobre diferentes patróns e ritmos básicos.
- Hábitos saudables á hora da práctica musical.
- Adquisición de nocións básicas para a reparación de instrumentos de percusión.
- Coñecemento e valoración das diversas correntes derivadas da música tradicional galega.

RECURSOS DIDÁCTICOS

- Baquetas e caixas xordas.
- Atrís.
- Encerado tipo “Velleda” ou similar.
- Equipo de son e vídeo (tipo proxector), para apoiar e facilitar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante un soporte audiovisual.
- Copias do caderno especial de contidos de todo o curso.

Material bibliográfico de referencia:

- Jean-Yves Hillion (1999): *Méthode de batterie*. Éditions Bodadeg Ar Sonerion.
- Jhonathan Ferreira (2024): *Método básico de tamboril, tambor e redobranche*.

PROGRAMACIÓN

XORNADA 1

Presentación do programa, toma de contacto co temario e coñecemento do nivel do alumnado.

- Agarre, manexo e colocación das baquetas.
- A notación musical na percusión: sistema monolineal.
- Os diferentes signos musicais: repetición, dinámicas, etc.
- As figuras musicais e os seus silencios. Cadro de valores musicais e distribución.
- O puntillo e o calderón.
- Os compases: simples e compostos. Relación dos diferentes compases musicais e os ritmos tradicionais galegos.
- Exercicios básicos en ritmos binarios: con brancas, negras, corcheas e semicorcheas.

XORNADA 2

- Quecemento.
- Exercicios prácticos en ritmos ternarios: con brancas, negras, corcheas e semicorcheas.
- O redobre: desenvolvemento do redobre, execución do redobre, ensamble do redobre
- Grupos de valoración especial: o tresillo, dosillo, cuatrillo, cinquillo, etc. (Exercicios prácticos con ditos grupos).
- Os adornos na percusión: o acento, o flam, o drag (drag simple e drag composto).
- Lectura e execución da partitura dunha canción cos elementos vistos ata agora.
- Desenvolvemento do swing na percusión. Explicación técnica e desenvolvemento de exercicios.

PRIMEIRA PARTE

- Quecemento.
- A acentuación métrica na percusión. Explicación teórica e práctica.
- Traballo das dinámicas e os matices na percusión.
- Os tempos. Coñecemento do metrónomo, manexo e utilización do mesmo.
- A subdivisión na percusión.
- Posta en práctica do aprendido mediante partituras de cancións.

SEGUNDA PARTE

Coñecemento dos diferentes instrumentos dentro da percusión galega.

Estes contidos traballaranse conxuntamente con especialistas nos diversos ámbitos aos que se fai referencia, a modo de demostracións e/ou obradoiros interactivos e prácticos.

- Os instrumentos tradicionais máis coñecidos/utilizados: O tamboril, o bombo tradicional e a pandeireta.
- Instrumentos vinculados á percusión galega: As culleres, charrasco, lata de pemento, terrañoas, pandeiro, caixa, etc.
- Instrumentos evolucionados e adaptados actualmente na música tradicional galega: o tambor perfeccionado, o tambor de alta tensión, o tambor/timbal tenor, bombo de diferentes dimensións, bohdam.

XORNADA 4

- Quecemento.
- Exercicios prácticos con todas as combinacións posibles. Execución da técnica simple, combinados de golpes, combinados de redobres.
- Exercicios de ritmos galegos. Combinacións típicas, células rítmicas e patróns de: alborada, muiñeira / pandeirada, xota / foliada. Interpretación de partituras destes ritmos. Coñeceremos tamén os patróns para tocar no bombo.
- Exercicios de introdución á composición para a percusión. Baseándonos nos ritmos máis tradicionais galegos, levaremos a cabo diferentes audicións de temas populares para logo cada alumno crear un arranxo nunha folla pautaada. Revisarémolos en común e sacaremos conclusións para mellorar e corrixir os erros así como complementar a melodía.

XORNADA 5

- Quecemento
- Exercicios de ritmos galegos: pasacorredoiras / marcha, pasodobre, rumba e outros.
- Composición do acompañamento dunha das melodías para o concerto de clausura. Entre todos e todas escolleremos unha das melodías para interpretar no festival de fin de curso, levando a cabo unha choiva de ideas en relación á composición de tambor e bombo desta melodía, facendo así partícipe a todo o alumnado, convertendo isto nunha actividade máis motivadora aínda.

XORNADA 6

- Quecemento
- Montaxe das melodías de final de curso.
- A afinación na percusión. Levaranse distintos instrumentos de percusión a maiores dos que xa teña o alumnado para ensinar as diferentes técnicas e procesos de afinación, o seu mantemento, reparación, etc.

XORNADA 7

- Quecemento.
- Montaxe das melodías de fin de curso.
- Revisión grupal e individual de todas as melodías que se tocarán no fin do curso, resolvendo dúbidas, corrixindo erros, ofrecendo consellos e indicacións na interpretación, etc.
- Exercicios prácticos cos instrumentos.
- Ensaio xeral.

XORNADA 8

- Coloquio destinado a aclaración de dúbidas de todo o visto ao longo do curso.
- Repaso dos exercicios máis relevantes que se realizaron.
- Ensaio das melodías para o final do curso, coas oportunas correccións e indicacións.
- Ensaio xeral.

XORNADA 9

- Ensaio xeral.
- Proba de son.
- Gala de clausura.